F/201 9/248 6	28/0 9/20 19	95740 756	27/09/2 019	37,93	REPSOL BUTANO, S.A.	Cuota Alquiler / Cuota de Mantenimiento	342	21300
F/201 9/223 2	12/0 8/20 19	11-mar	31/07/2 019	665,5	JESUS COTELO BANEIRA	Servizo de transporte de repacións en campo de fútbol de Corme.	342	22300
F/201 9/191 9	16/0 7/20 19	A/278	09/07/2 019	2259,84	FIDEL MIRAMON TES GARCIA	Servizo de contedores de residuos festa do percebe Corme 2019.	162 1	20300
F/201 9/190 9	19/0 7/20 19	Emit- 66	19/07/2 019	1087,06	CARLOS BUSTO, S.L.	M2 DE ALICATADO DE FUENTE, CON MORTERO DE CEMENTO, COLA ESPECIAL PISCINAS, INCLUSO LECHADA FINAL / OBRA RIO DE LAVAR XOR	336	60900
F/201 9/210 2	07/0 8/20 19	P19 00773 7	31/07/2 019	363	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	Ponteceso Concello - Guía de Playas; JUL- 23, 25; Guías Verano La Voz de Galicia; General; Patrocinio;	432	22699
F/201 9/210 3	07/0 8/20 19	P19 00773 9	31/07/2 019	1210	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	CONCELLO DE PONTECESO- TURISMO ACTIVO 2019; JUL-17; Monográficos Voz Galicia (I); General 1; Patrocinio ;	432	22699
F/201 9/201 5	06/0 8/20 19	15 00115- -- 19000 026	31/07/2 019	18127,74	RADIO CORUÑA, S.L.	FESTA DO PERCEBE, CAMPAÑA EN CADENA SER MADRID	432	22699
F/201 9/263 5	10/1 0/20 19	19 464	10/10/2 019	1334,65	ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	HONORARIOS CORRESPONDIENT ES A LA DIRECCION DE LAS OBRAS: MELLORA ACCESIBILIDADE E SINALIZACION DOS RECURSOS TURISTICOS D	432	22706
F/201 9/244 7	18/0 9/20 19	Emit- 1819	18/09/2 019	302,5	FUNDACI ON JUANA DE VEGA	CUOTA DE INSCRIPCIÓN ""VILAS EN FLOR"" AÑO 2019 ()	912	22601
F/201 9/230 1	03/0 9/20 19	2019A C0212	28/06/2 019	998,25	IMPORTA NCIA CAPITAL, S.L.	Incorporación BNI ACO Dolmen-Costa da Morte. SUPLIDO Xosé Lois García Carballido.	912	22601
F/201 9/243 1	12/0 9/20 19	2019f5 38 3	02/09/2 019	249,98	NIAL CERVECE RIA, S.L.	HABITACION DOBLE CON DESAYUNO DIA 25 JULIO / HABITACION DOBLE CON DESAYUNO DIA 26 JULIO / HABITACION DOBLE	912	22601



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

							CON DESAYUNO		
F/201 9/248 0	25/0 9/20 19	VI 4521	23/09/2 019	38	TAPREGA PREVENC ION DE RIESGOS, S.L.	Reconocimiento: TORRADO BERMUDEZ NICOLAS	920	16205	
F/201 9/247 1	23/0 9/20 19	Emit- 274 2019	23/09/2 019	598,95	ALUMINIO S BERES, S.L.	REPARACION VENTANAS PARTE NOVA - CASA CONSISTORIAL Reparación de ventanas (Albarán Nº: A1ALB17152019) Man de obra por ca	920	21300	
F/201 9/263 0	08/1 0/20 19	19FAC - 214	08/10/2 019	48,4	ALUPONT E, S.L.	MANO DE OBRA DE INSTALACION / SUMINISTRO DE MANILLA EN PUERTA PRINCIPAL DO CONCELLO	920	21300	
F/201 9/273 2	23/1 0/20 19	19FAC - 232	23/10/2 019	48,4	ALUPONT E, S.L.	REPARACION DE MANILLA EN PUERTA INTERIOR DE MADERA	920	21300	
F/201 9/188 0	17/0 7/20 19	19FAC - 150	16/07/2 019	123,42	ALUPONT E, S.L.	INSTALACION DE BOMBILLO TESA DE 1PUNTO EN OFICINA DO CONCELLO / INSTALACION DE BOMBILLO TESA DE SEGURIDAD 4,5X40	920	21300	
F/201 9/241 5	09/0 9/20 19	Emit- 152 2019	06/09/2 019	18	CRISTALE RIA BERES, S.L.	40,9x101,5 Luna 3mm ó corte colocada e sellada en marco de madeira (Albarán Nº: S1ALB4842019)	920	21300	
F/201 9/217 4	21/0 8/20 19	e19 19	20/08/2 019	1172,74	MERFRE- LUZ, S.L.	INSTALACION PUESTOS DE TRABAJO EN OFICINA MUNICIPAL DE CORME	920	21300	
F/201 9/223 4	03/0 9/20 19	33441 68525	01/09/2 019	119,45	SCHINDLE R, S.A.	CL CONCELLO S/Nº PONTECESO Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimiento de 201	920	21300	
F/201 9/253 4	05/1 0/20 19	33442 00712	03/10/2 019	119,45	SCHINDLE R, S.A.	CL CONCELLO S/Nº PONTECESO Descripción del artículo: EU Contrato de Ascensores Excellence Mantenimiento de 201	920	21300	
F/201 9/249 9	02/1 0/20 19	CO 10391	30/09/2 019	15,37	VSM SISTEMAS CORUÑA,	PGA02709 - Periodo Copias : 31/08/2019 - 30/09/2019 /	920	21300	



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

					S.A.	PGA02709 - Lecturas A/4-Negro = Anterior 161.450 - Actual : 162.1		
F/2019/2745	25/10/2019	CO 11242	25/10/2019	22,19	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	PGA02709 - Periodo Copias : 01/10/2019 - 25/10/2019 / PGA02709 - Lecturas A/4-Negro = Anterior 162.101 - Actual : 163.2	920	21300
F/2019/2315	06/09/2019	CO 009254	30/08/2019	45,9	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	PGA02709 - Periodo Copias : 29/06/2019 - 30/08/2019 / PGA02709 - Lecturas A/4-Negro = Anterior 159.088 - Actual : 161.4	920	21300
F/2019/2441	18/09/2019	AB 000322	17/09/2019	117,14	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	SUF20970 - Periodo Mantenimiento 17/07/2019 - 16/07/2020 / SUF20970 - Mantenimiento : / SUF20970 - FAX L100 - - Rúa do	920	21300
F/2019/2498	02/10/2019	CO 10390	30/09/2019	283,45	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	HKE51140 - Periodo Copias : 31/08/2019 - 30/09/2019 / HKE51140 - Lecturas A/4-Negro = Anterior 839.104 - Actual : 843.6	920	21300
F/2019/2316	06/09/2019	CO 009253	30/08/2019	300,95	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	HKE51140 - Periodo Copias : 30/07/2019 - 30/08/2019 / HKE51140 - Lecturas A/4-Negro = Anterior 830.637 - Actual : 839.1	920	21300
F/2019/1969	30/07/2019	CO 008227	29/07/2019	302,63	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	HKE51140 - Periodo Copias : 29/06/2019 - 29/07/2019 / HKE51140 - Lecturas A/4-Negro = Anterior 823.366 - Actual : 830.6	920	21300
F/2019/1960	26/07/2019	AB 00267	26/07/2019	416,83	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	HKE51140 - Periodo Mantenimiento 09/06/2019 - 08/09/2019 / HKE51140 - Mantenimiento : / HKE51140 - imageRUNNER ADVC7055	920	21300
F/2019/2442	18/09/2019	AB 000321	17/09/2019	423,92	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	HKE51140 - Periodo Mantenimiento 09/09/2019 - 08/12/2019 / HKE51140 - Mantenimiento : /	920	21300



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

						HKE51140 - imageRUNNER ADVC7055		
F/201 9/274 4	25/1 0/20 19	CO 01124 1	25/10/2 019	552,85	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	HKE51140 - Periodo Copias : 01/10/2019 - 25/10/2019 / HKE51140 - Lecturas A/4-Negro = Anterior 843.692 - Actual : 848.7	920	21300
F/201 9/230 9	06/0 9/20 19	R3100 02919 32	01/09/2 019	1854,18	R CABLE Y TELECOM UNICACIO NES GALICIA, S.A.	616485622 tarifa plana+10GB 4G de 01/08/19 a 21/08/19 / 616485387 tarifa plana+10GB 4G / 608129846 tarifa plana+20	920	22200
F/201 9/253 5	05/1 0/20 19	R3100 03014 03	01/10/2 019	1860,82	R CABLE Y TELECOM UNICACIO NES GALICIA, S.A.	616485387 tarifa plana+10GB 4G / 630907127 tarifa plana+20GB 4G / 630907124 tarifa plana+10GB 4G / 616485520 tar	920	22200
F/201 9/209 3	06/0 8/20 19	R3100 02825 12	01/08/2 019	2046,13	R CABLE Y TELECOM UNICACIO NES GALICIA, S.A.	616485622 tarifa plana+10GB 4G / 616485387 tarifa plana+10GB 4G / 608129846 tarifa plana+20GB 4G / 660043855 tar	920	22200
F/201 9/216 3	19/0 8/20 19	LO008 08201 90000 03	19/08/2 019	559,12	CONSOR CIO DE COMPENS ACION DE SEGUROS	CUOTAS AUTOMÓVILES SEGURO OBLIGATORIO 2019 / CUOTAS AUTOMÓVILES SEGURO VOLUNTARIO 2019 / REGULARIZACIÓN CUOTAS AUTOMÓVIL	920	22400
F/201 9/201 0	06/0 8/20 19	P19 00773 8	31/07/2 019	164,56	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	OFICIAL SELECCIÓN BOLSA TRABALLADORES; JUL-11; La Voz de Galicia; Carballo - Bergantiños; Oficiales ; 1x2 MOD;	920	22602
F/201 9/166 4	04/0 7/20 19	19 316	27/06/2 019	89,54	OLGA POSE CHOUCIÑ O	CARTEIS ACTIVIDADE LOCAL MUNICIPAL TELLA	920	22602
F/201 9/193 3	03/0 7/20 19	62	30/06/2 019	1524,6	JOSE ANTONIO VARELA SOUTO	Limpeza casa do concello, Melga e Fundación Eduardo Pondal.	920	22799
F/201 9/223 1	07/0 8/20 19	68	30/07/2 019	1669,8	JOSE ANTONIO VARELA SOUTO	Limpeza da casa do concello, fundación Eduardo Pondal e Melga.	920	22799
F/201	03/1	84	30/09/2	1741,31	JOSE	Limpeza casa do	920	22799



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

9/273 6	0/20 19		019		ANTONIO VARELA SOUTO	concello, Melga, Fundación Eduardo Pondal, dúas vivendas da casa dos mestres.		
F/201 9/230 3	04/0 9/20 19	78	30/08/2 019	2485,46	JOSE ANTONIO VARELA SOUTO	Limpeza casa do concello, fundación Eduardo Pondal, edificio das escolas, Melga e escola unitaria de Ponteceso	920	22799
F/201 9/221 6	30/0 7/20 19	B 6955	05/07/2 019	689,7	ROBERTO POSE RAMOS	Ordenador informático e accesorios para oficinas xerais.	920	62600
F/201 9/221 3	30/0 7/20 19	B 6956	05/07/2 019	750,2	ROBERTO POSE RAMOS	Ordenador informático para secretaría	920	62600
F/201 9/221 4	30/0 7/20 19	B 6957	05/07/2 019	1996,5	ROBERTO POSE RAMOS	Ordenador portátil para oficinas xerais.	920	62600
			TOTAL	302.141,72				

Sométese a votación o dictámen da proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4), a presidencia e os concelleiros/as do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE.

Votos en contra: Dous (2), os concelleiros/as do G.M. do PP.

Abstencións: Un (1), o concelleiro do G.M. de APIN.

Polo que a Comisión Especial de Contas ditamina favorablemente a proposta de acordo de APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 4/2019".

O Sr. Alcalde pregunta se algún voceiro dos Grupos Municipais desexa intervir, pide a palabra o Sr. García Cotel, voceiro do G.M. do PP, e manifesta que o cuarto expediente de recoñecemento extraxudicial que se eleva ao Pleno neste ano, ten reparos suspensivos da Intervención, e agardamos que non se repita, é unha ilegalidade, e non se debe facer así.

Pide a palabra o Sr. Pose Verdes, voceiro do G.M. de APIN, e di que os informes da Intervención son o que son, que xa eran así na súa época no goberno. A electricidade, a telefonía, a limpeza de rúas e outros servizos se teñen que licitar. Non sei de onde se van sacar os cartos. Non se lle escoita falar do Orzamento do ano que ven. Este ano tiña moitos ingresos extraordinarios e parece que quere seguir co orzamento actual e así seguir aumentando a bola. Nótase no expediente que hai moitas facturas que parecen ser o pagamento aos votos recibidos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que os servizos vanse licitar, que como sabe o Sr. Pose este ano licítáronse moitos contratos, sobre todo de obras, e agora neste intre estanse a iniciar o do ciclo da auga, e en breve licitarase o do alumead, a conta da subvención do IDAE. Vostede ben sabe os recursos con que se conta, e temos o que temos, e pódese dicir que a xestión nestes últimos anos foi mellorando, sabe que se adjudicou a axuda no fogar, e en breve imos iniciar outras contratacións. E o cuarto expediente de recoñecemento extraxudicial e moitas facturas son anteriores a maio. Con respecto ao Orzamento dígolle para a súa constancia que se está a facer, é o compromiso deste goberno. Sabe tamén que hai servizos que se teñen que prestar si ou si, como o de socorrismo, fixemos a convocatoria para os socorristas e quedaron vacantes a maioría das prazas, polo que foi preciso recorrer a unha empresa externa para que completara o servizo nas praias. E repito, o compromiso deste goberno é licitar todo.

O Sr. Alcalde dá por rematado o debate e acto seguido sométese a votación a proposta de acordo:

Votos a favor: Oito (8), os concelleiros/as do G.M. do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: -



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Abstencións: Cinco (5), os concelleiros/as dos G.M. do PP e APIN, e a concelleira Sra. Martínez Calvo.

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, ACORDA:

Primeiro.- O levantamento dos reparos suspensivos emitido pola interventora por aplicación dos artigos 216.2.a) e 216.2.c) do TRLFL en relación á totalidade das facturas obxecto do recoñecemento extraxudicial nº 4/2019.

Segundo.- A aprobación do recoñecemento extraxudicial nº 4/2019 conformado polas facturas relacionadas que compoñen o expediente polo importe total de 302.141,72 euros.

5º.- MOCIÓNS

O Sr. Alcalde, antes de pasar ao seguinte punto incluído na orde do día dá conta das mocións ao Pleno presentadas no rexistro municipal e que son as seguintes:

Rexistro de entrada núm. 3793, do 20-11-2019:

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE PONTECESO2.

Rexistro de entrada núm. 3794, do 20-11-2019:

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE PONTECESO".

Rexistro de entrada núm. 3822, do 25-11-2019:

"José Manuel Pose Verdes, en calidade de portavoz do grupo municipal de APIN-SON do Concello de Ponteceso, contando co respaldo do citado grupo, desexa someter á consideración do Pleno, para o seu debate e aprobación a moción relativa ás obras do plan POS+ do ano 2020 ao amparo do establecido pola lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local eo Real Decreto 2568/1986 do 29 de novembro , polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 97.3"

Sométese a votación a consideración da urxencia das tres mocións presentadas co seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), a totalidade dos concelleiros/as presentes.

Votos en contra: -

Abstencións: -

Polo que o Pleno, por unanimidade, maioría absoluta, ratifica a urxencia, inclúense na orde do día e a continuación trátanse as mesmas

5.1.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE PONTECESO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de decembro de 1999, a través da resolución 54/134, a Asemblea Xeral da ONU declarou o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Unha data que debe servir, non só para a reflexión por parte de toda a sociedade, senón tamén para a renovación dos esforzos

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

por parte de todas as institucións políticas e sociais, para loitar contra esta vulneración dos dereitos humanos a nivel global.

No ano 2014, España ratificou o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul), que supón o primeiro mecanismo vinculante en Europa para “Protexer ás mulleres contra todas as formas de violencia, e previr, perseguir e eliminar a violencia contra a muller e a violencia doméstica”; e que, por tanto, devandito Convenio é de obrigado cumprimento.

O artigo 15 da nosa Constitución recoñece o dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, ninguén poida ser sometido a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Pola súa banda o artigo 9.2 establece a obrigaón dos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A violencia contra as mulleres é estrutural e histórica. Atópase presente en todos os países e culturas, independente do nivel educativo e a posición social. No presente decenio asistimos a unha ofensiva visible a escala mundial e europea contra a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres.

A violencia contra as mulleres constitúe a vulneración máis estendida dos dereitos humanos no mundo e a súa orixe radica na discriminación que sofren as mulleres respecto dos homes. A violencia machista non ten cabida na sociedade que aspiramos a ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obrigaón. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo mero feito de ser mulleres.

Para iso necesitamos o compromiso individual da cidadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo da sociedade todos os días do ano. A colaboración dos homes desempeña un papel importante no fomento da igualdade de xénero e a eliminación da violencia contra as mulleres.

A violencia machista interpélanos a todos e todas e é a nosa obrigaón combatela con todos os medios dispoñibles, empezando polas administracións, cada unha no ámbito das súas competencias.

A violencia machista é a primeira causa de morte prematura entre as mulleres, o machismo mata e ten que ser unha cuestión política de primeira orde. Segundo a última macroenquisa sobre violencia de xénero realizada en 2015 polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o 12,5% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia de xénero algunha vez na súa vida, o que en termos absolutos supoñen 2,5 millóns de mulleres en España, o 2,7% das mulleres maiores de 16 anos sufriron violencia no último ano e o 64% dos fillos e fillas das vítimas presenciaron os episodios de violencia.

Máis de 1.027 mulleres foron asasinadas en España polas súas parellas ou exparellas desde o ano 2003, data que marca o inicio da recompilación de datos oficiais. No que levamos de 2019, foron asasinadas 47 mulleres e 3 menores, e aínda hai máis asasinatos de mulleres en investigación.

No noso país os últimos anos producíronse avances legislativos moi significativos en materia de loita contra a violencia sobre a muller. Dispoñemos dun marco legislativo a través da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento da Violencia de Xénero, e contamos desde o ano 2017 cun Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, aprobado polo Congreso dos Deputados.

A pesar do consenso do consenso alcanzado en torno ao Pacto de Estado contra a Violencia de xénero, a inacción do anterior goberno do PP fixo que case un ano despois da súa aprobación apenas se puxo en marcha. O Goberno socialista atopouse con cuestións que tiñan un carácter apremiante e cuxa implementación foi aprobada o máis axiña posible a través dunha Real Decreto-Lei (Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero). Nun período inferior a dous anos o Goberno do PSOE puxo en marcha o 82% das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero demostrando así o seu pleno compromiso coa Igualdade.


CONCELLO DE PONTECESO

 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia cara ás mulleres, que garanta unha resposta rápida e efectiva ás mulleres que sofren violencia, así como aos seus fillos e fillas, xerando os mecanismos necesarios para conseguilo.

Por todas estas razóns, faise necesario redobrar os esforzos contra a violencia machista, mantela como prioridade política e democrática, illar aos violentos e a quen lles dá cobertura política. Ademais, hai que esixir que se reforce o sistema de protección para as mulleres vítimas e desenvólvanse todos os recursos e medidas que se contemplan no Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de PONTECESO propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes

ACORDOS:

1. Seguir poñendo en valor desde este concello as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das súas competencias, así como o seu seguimento, co obxectivo de combater a violencia contra as mulleres;
2. Manifestar a nosa repulsa a todas as formas de violencia cara ás mulleres, o noso compromiso coas vítimas e declarar a este municipio "Tolerancia cero cos maltratadores";
3. Expresar o rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a negación da existencia da violencia de xénero ou rexeite a validez das políticas públicas enfocadas á súa total erradicación;
4. Apoiar ás organizacións e grupos de mulleres e os defensores dos dereitos da muller que actuaron como catalizadores e líderes dos avances lexislativos e políticos na última década no que respecta a a evolución e a práctica dos dereitos das mulleres;
5. No marco do reforzo das iniciativas para combater esta secuela, desde este concello comprometémonos a impulsar a aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento da Violencia de Xénero así como as estratexias e plans a nivel autonómicos vixentes, en coordinación con todos os poderes públicos.

O Sr. Alcalde pregunta se algún voceiro quere intervir, non pedindo a palabra ningún.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo:

Votos a favor: Trece (13), a totalidade dos concelleiros/as presentes.

Votos en contra: --

Abstencións: --

Polo que o Pleno, por unanimidade, maioría absoluta, ACORDA:

1. Seguir poñendo en valor desde este concello as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das súas competencias, así como o seu seguimento, co obxectivo de combater a violencia contra as mulleres.
2. Manifestar a nosa repulsa a todas as formas de violencia cara ás mulleres, o noso compromiso coas vítimas e declarar a este municipio "Tolerancia cero cos maltratadores".
3. Expresar o rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a negación da existencia da violencia de xénero ou rexeite a validez das políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.
4. Apoiar ás organizacións e grupos de mulleres e os defensores dos dereitos da muller que actuaron como catalizadores e líderes dos avances lexislativos e políticos na última década no que respecta a a evolución e a práctica dos dereitos das mulleres.
5. No marco do reforzo das iniciativas para combater esta secuela, desde este concello comprometémonos a impulsar a aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento da Violencia de Xénero así como as estratexias e plans a nivel autonómicos vixentes, en coordinación con todos os poderes públicos.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

5.2.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE PONTECESO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia non presenta como investimentos finalistas nos orzamentos Xunta 2020 os seguintes investimentos:

200.000€ Plan Arpsi para Ponteceso, para evitar inundacións no centro urbano, estudo hidrolóxico e de medidas a tomar.

750.000€ Plan sendas Ponteceso-Tella-Pazos, e solicitude de sendas aprobado en pleno por unanimidade para Corme Aldea, Xornes, A Trabe (A Pesqueira), e que a senda do Couto empece na casa de Pondal. O plan inclúe a mellora das vías de servizo que van á par da estrada se Tella a Pazos e que non se tocaron en dez anos.

800.000€ Plan saneamento e abastecemento parroquias interiores de Ponteceso, primeira fase. Auga municipal en Langueirón, saneamento en Tallo, Xornes, lugares de Cores e mellora da depuradora de Ameixenda (Pazos).

350.000€ Rehabilitación do edificio das escolas para ximnasio municipal e auditorio. A Xunta aportaría un tercio do orzamento total.

800.000€ Rehabilitación enerxética da fachada do IES Pondal, e mellora de accesibilidade. Rehabilitación integral da fachada, e ascensores para os 2 edificios do instituto.

650000€ Mellora da atención primaria cun segundo médico no PAC, e creación da aula de fisioterapia. Investimento no PAC e centro de saúde de Ponteceso .

900.000€ Consellería do Mar Proxecto de novos pantaláns no porto de Corme, e mellora das instalacións portuarias Redación do proxecto dos novos pantaláns en Corme e da prolongación do dique, e mellora das infraestruturas.

50.000€ Consellería do Mar. Novo pantalán de Ponteceso Redación do Proxecto do novo pantalán de Ponteceso.

Consellería de Medio Ambiente e Vivenda Plan de mellora urbana de Ponteceso e Corme 350.000€. Humanización das zonas urbanas de Ponteceso e Corme .

Todos estes son investimentos a facer en varias anualidades, as antes mencionadas, serían as de 2020.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de PONTECESO propoñemos para a súa aprobación polo Pleno o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Esixir á Xunta de Galicia a inclusión destes investimentos e a posta en marcha dos mesmos durante o ano 2020 en partidas finalistas.

O Sr. Alcalde pregunta se algún voceiro quere intervir. Pide a palabra o Sr. García Cotelo, voceiro do G.M. do PP, quen manifesta que parece que o Sr. Alcalde está en campaña, e debe saber que a Deputación está para axudar aos concellos pequenos, xa que di que a Xunta de Galicia non inviste no Concello de Ponteceso, debo refrescarlle a memoria, leva investido nos últimos anos máis de 2.300.000 euros, investiu moitos cartos. Vostede ten moitas fotos e seguro que se fai memoria atopará algunha nun acto de calquera dos investimentos realizados por ela. Vostede chega tarde, xa que moitos dos investimentos xa están feitos, agás



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

un centro de día, cousa que para vostede non parece importante. Vostede tira cara á Deputación, e non conta con nós para xestionar calquera obra ou investimento para o concello. O Partido Popular, e os seus concelleiros, poderían axudarlle a traer moitas cousas, pero insisto non conta con nós. O noso grupo vai votar en contra.

Pide a palabra o Sr. Pose, voceiro do G.M. de APIN, e manifesta que o que trae o Alcalde son fogos de artifício e punto.

O Sr. Alcalde di que o resultado vaise mandar á Xunta de Galicia, e a vostedes do PP débelle de caer a cara de vergoña, e poden ver, vindo de Laxe cara a Cabana, as beirarrúas e as sendas e ao chegar a Ponteceso non temos nada, de Tella a Pazos parece que a estrada non é da Xunta, non existimos. Non hai un peso en investimentos competencia da Xunta. Levamos moitos anos sen ver un só, desde 2015 os orzamentos autonómicos non contemplan nada para este concello. As competencias de auga e saneamento ao igual que as estradas, educación e sanidade son da Xunta de Galicia, e vemos ano tras ano como esquecen a Ponteceso, e xa ven o canon da auga si o recauda pero a contraprestación de investimentos non se ve por ningures. O Porto de Corme ten necesidades e xa estaba falado e estimábase un bo investimento a instalación de pantaláns, pero nada.

O Sr. García Cotelo di que antes de anunciar pantaláns en Corme debían de falar coa Confraría e non o fixeron, hai que contar con todos e vostedes non o fan, que hai outras necesidades e vostedes non as ven, o dique para protexer dos temporais.

Pide a palabra o Sr. Santiago Lema e manifesta que si faloron coa Confraría de Corme e que todo é necesario, que son moitos os veleiros que recalcan en Corme, e neste último ano máis de 500, que como mariñeiro entrou moitas veces en Corme e sabe das necesidades do Porto, que non é tan protexido como o de Camariñas, pero con melloras facilitaríase a arribada doutras embarcacións, e que quede claro que si falamos coa Confraría.

O Sr. García Cotelo insiste que se queren falar coa Xunta de Galicia expoñan primeiro ao noso grupo e nós nos brindamos a axudar a que veñan cousas para Ponteceso, pero non fagan campaña. O G.M. do PP vai votar en contra, xa que como dicimos se queren traer investimentos falen primeiro con nós e non fagan campaña.

O Sr. Alcalde dá por rematado o debate e acto seguido sométese a votación a proposta de acordo:

Votos a favor: Nove (8), os concelleiros/as do G.M. do PSdeG-PSOE

Votos en contra: Tres (3), os concelleiros/as do G.M. do PP e a concelleira Sra. Martínez Calvo.

Abstencións: Dous (2), os concelleiros do G.M. de APIN.

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

Primeiro.- Esixir á Xunta de Galicia a inclusión destes investimentos e a posta en marcha dos mesmos durante o ano 2020 en partidas finalistas.

5.3.- MOCIÓN RELATIVA ÁS OBRAS DO PLAN+ DO ANO 2020.-

José Manuel Pose Verdes, en calidade de portavoz do grupo municipal de APIN-SON do Concello de Ponteceso, contando co respaldo do citado grupo, desexa someter á consideración do Pleno, para o seu debate e aprobación a moción relativa ás obras do plan POS+ do ano 2020 ao amparo do establecido pola lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local eo Real Decreto 2568/1986 do 29 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 97.3

En datas recentes, xurdiu no Concello de Ponteceso un episodio de contaminación na rede de abastecemento de auga, asimesmo hai nucleos de poboación nos que non existe tratamento de augas residuais nin rede de abastecemento, entendendo que debe ser unha prioridade do Concello dotar a todos os



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

vecinos e veciñas duns servizos mínimos imprescindibles e tendo en conta que deben presentarse actuacións para o POS+, é polo que o grupo municipal de APIN- Son presenta para o seu debate e aprobación a seguinte

MOCIÓN

O Pleno do Concello de Ponteceso insta ao equipo de goberno a que redacte proxectos e presente no POS+ 2020 as seguintes actuacións:

- 1- Remate do alcantarillado en Limiñoa coa instalación de depuradora
- 2- Ampliación e mellora da EDAR DE Pazos
- 3- Rede de abastecemento de auga en Langueirón
- 4- Rede de abastecemento de auga a Ourada, Bardaio e Limiñoa
- 5- Cambio de tuberías no Campo da Feira da Trabe
- 6- Reforma da sección de tratamento de lodos na EDAR de Ponteceso

Entendemos que son actuacións urxentes e necesarias

O Sr. Alcalde da por iniciado o debate e manifesta que o G.M. do PSdeG-PSOE vai votar en contra, en primeiro lugar a maioría dos investimentos veñen xa recollidos na anterior moción que presentou o noso grupo, consideramos que son competencias da Xunta de Galicia e Augas de Galicia non inviste en Ponteceso. En segundo lugar a estas alturas as obras a incluír no POS+ xa están decididas, e como ben sabe o Sr. Pose, nos seus anos de goberno as obras non as decidía a oposición, as decidía o goberno e boa parte vostede, e e próximamente virán ao Pleno.

O Sr. García Cotelo di que se queren investimentos, xa llo dixen, chámenos vostede e falaremos, e axudaremos a traer cousas para Ponteceso.

O Sr. Pose manifesta que as competencias son do concello. Está ben que fagan estudos técnicos, o POS+ remata o vindeiro día 20 de decembro. O terreo que se necesita en Limiñoa é idóneo e o seu prezo son 1.000 euros e claro vostede non fai xestións. Todas as obras que propoñemos son importantes, pero claro, as tuberías non se ven, van baixo terra, e a vostede o que lle interesa son as fotos. Vostedes escollan as obras importantes e nada máis que dicir.

O Sr. Alcalde dá por rematado o debate e acto seguido sométese a votación a proposta de acordo:

Votos a favor: Dous (2), os concelleiros do G.M. de APIN.

Votos en contra: Oito (8), os concelleiros/as do G.M. do PSdeG-PSOE

Abstencións: Tres (3), os concelleiros/as do G.M. do PP e a concelleira Sra. Martínez Calvo.

O Sr. Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algúnha outra moción ou asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Non se presenta ningunha e pásase ao seguinte punto.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

6.1.- ROGOS

O Sr. Alcalde pregunta se algún Grupo Municipal desexa formular algún rogo.

O Sr. García Cotelo dí que o seu grupo non ten ningún.

Pide a palabra o Sr. Pose e formula os seguintes:

Primeiro.- Que coloque as pegatinas do Fondo de Compensación Ambiental no vehículo que ven a usar, xa que foi vostede quen as quitou.

Segundo.- Adxudique as vivendas sociais. Non sei se será que non fan falta ou solo as empregou para saír nas fotos.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Terceiro.- Que deixe de menospreciar a APIN nas redes sociais. Vostede ven a dicir que estamos eiquí de casualidade. Lembre que temos 480 votos, de persoas de Ponteceso, e hai catro anos estos votos fixérono a vostede alcalde.

6.2 PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en primeiro lugar procede a dar resposta ás preguntas formuladas polo voceiro do G.M. do PP, Sr. García Cotelo, no último Pleno ordinario celebrado o día 30-09-2019:

¿Nos últimos dous anos as redes de auga e tamén a de saneamento tiveron problemas en Corme? ¿Foi vostede informado?

Este Alcalde non ten informacións sobre incidencias na auga de Corme anteriores a setembro de 2019 por parte da concesionaria nin de sanidade, cunha excepción. O procedemento en ese caso foi avisar ao responsable de Espina y Delfín en Ponteceso, aínda que xa Sanidade o avisa directamente se hai un incumprimento. A empresa ten 24 horas para resolver o problema, vólvese facer analítica e envíase a sanidade. Se sanidade non continúa informando o procedemento queda arquivado. Sanidade non volveu avisar.

¿Cando vai o Sr. Alcalde a comparecer para dar explicacións sobre o problema e a emerxencia sanitaria de Corme?

Hai unha investigación oficial moi profunda en marcha, da que se lle vai dar traslado ao xulgado competente, polo que o Concello non fixo máis que colaborar coa investigación, protexer a poboación co reparto de auga por Protección Civil, esixir á concesionaria a restauración da potabilidade, informar activamente por todo Corme dos consellos de Sanidade, sacar pola vía de urxencia a obra da reposición do abastecemento e contratar a unha empresa externa, máis unha auditora. O concello en todo caso doulle publicidade ás ordes de sanidade e seguiu repartindo auga mentras tanto sanidade non ergueu a alerta.

¿Como puido sacar as conclusións e dicir o que dixo cando as analíticas e informes eran tan claros?

O concello foi sempre transparente e hai un compromiso de que toda a información dispoñible está nun único expediente no concello, con copia a Sanidade e ás autoridades que investigan o caso. Os concelleiros tiveron e teñen entre a súa documentación a relativa á alerta e que acompañaba á convocatoria do Pleno extraordinario celebrado o día 23 de outubro, dentro do punto número 3, relativo á información e ás obras consideradas imprescindibles, necesarias e urxentes nas redes de abastecemento de auga e saneamento de Corme a consecuencia da alerta sanitaria, e cabe salientar que o seu grupo, Sr. García Cotelo non votou a favor.

A continuación o Sr. Alcalde dí que ao non presentarse preguntas coa antelación prevista no Regulamento Orgánico Municipal, pregunta aos voceiros se queren formular algunha, as cales serán contestadas no vindeiro Pleno.

Pide a palabra o Sr. García Cotelo, voceiro do G.M. do PP e formula as seguintes:

¿Cando vai amañar o cruceiro de Cores que leva moito tempo tirado?

En Pazos temos vinte casas sen número, polo que se lle crean moitos problemas con Correos aos veciños,

¿Cando vai facer isto?

As vivendas dos mestres están baleiras, ¿Non ten as bases? ¿Cando vai facelo?

Pide a palabra o Sr. Pose, voceiro de APIN, e formula as seguintes:

¿Como é posible que continúe perdendo subvencións? A última que vin foi a do Fondo de Compensación Ambiental, concedida desde abril, e perdeu máis de 20.000 euros, o tema de Turismo coa caseta da praia de Osmo, danlle a subvención e non a quere, o mesmo que as vivendas sociais.

¿Cando vai licitar os seguros, a telefonía, a electricidade, a limpeza viaria, os xardíns, etc..?

concello@ponteceso.r



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás vinte horas e cincuenta e nove minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que como secretario accidental dou fe, asinandoa xunto co Sr. Alcalde.

O alcalde-presidente

O secretario accidental

Asdo.: Xosé Lois García Carballido.

Asdo.: Emilio Caínzos Quintás